

A Deputación premia a Eduardo Estévez co González Garcés por “Construccions”

O autor cre que a poesía non poder ser acolledora: “Ten que molestar e crear incomodidade”

O Premio González Garcés deteuse na súa 24 edición nos versos de Eduardo Estévez en “Construccions”, que se compón de pezas que o autor colgou antes na rede para que o público opinase. O galardón consiste en 6.500 euros, ademais da publicación en outubro de 1.500 exemplares.

MARTA GARCÍA MÁRQUEZ • A CORUÑA

■ Por que os poemas son poemas? Preguntábase en alto Eduardo Estévez. “Por depositaren a súa mirada sobre as pequenas cousas”. E xusto cando a insignificante materia pasa polo filtro do escritor, prodúcese o fenómeno poético. A Deputación distinguiu onte a obra “Construccions” do autor como o novo Premio “Miguel González Garcés”, despois dun proceso de deliberación que, segundo contou o portavoz Manuel Forcadela, se decantou finalmente pola rutura que provoca a súa poesía coa estética tradicional.

Estévez prefere pensar que a súa meta está en ser sincero con el mesmo: “Non existe a verdade absoluta pero tampouco a relativa, hai unha que é circunstancial e se eu escribo sobre a miña verdade, estaría condicionada a ser efímera”. Por iso, Estévez cre que un po-



O presidente da Deputación xunto ao coordinador do premio, Xabier Seoane, e parte do xurado

AMADOR LORENZO

ema non debe ser un sitio acolledor, senón todo o contrario: “Ten que molestar, incordiar, crear unha incomodidade intelectual”. O título da proposta gañadora vén ser o resultado dun experimento, de colgar as composicións na rede para recibir críticas, de ir borrando, aumentando versos, movido polo alento da xente: “Sempre es-

tiven interesado no feedback do lector pero a realidade é que foron moitas as visitas e poucas, as aportacións porque “teñen medo a meterse na poesía dos demais”.

A obra, que terá unha recompensa de 6.500 euros e a publicación de 1.500 exemplares, respira da literatura universal, “dende hai 20 ou 30 anos os poetas galegos

PEQUENAS COUSAS

A obra respira de grandes como Cavafy e Carver para crear unha linguaxe de pequenas cousas

■ APUNTE

Estéticas variadas en técnica e contido

■ O presidente da Deputación, Fernández Moreda, destacou a colección que a entidade está a completar tras 24 edicións do premio e anunciou a obra “Cabalos do alén na cidade das fábulas”, como obra finalista, tras a presentación de 55 propostas poéticas. O coordinador do galardón, Xabier Seoane, calificou de “elevado” o nivel dos participantes con estéticas moi variadas “tanto nos aspectos técnicos como contidos”, contando para outubro e novembro a publicación de “Construccions”. O portavoz do xurado, Manuel Estévez, a contemporaneidade da súa obra, “unha poética de eclipse, onde os silenzos marcan a construción dentro do cotián e dos acontecementos domésticos”.

miramos para fóra e non pecamos de endogamia”. Para recoller a linguaxe das cousas cativas dun Constantine Cavafy e dun Raymond Carver e construír interrogantes a pesar da súa miudez. Igual de espontáneas son as preguntas como a reacción de Estévez ao recibir a nova: “Pegueille a Moreda un berro importante”.